



## ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise saber que o alcalde ditou a seguinte

### **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

LOGO DE VER a necesidade de proceder a aprobar diferentes operacións económicas que resulta necesario tramitar antes da finalización do exercicio 2024 e que polo tanto non se poden demorar ata o seguinte pleno ordinario previsto para xaneiro de 2025.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26.06.2023, acordou celebrar sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas; agás os plenos a celebrar o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023. E que o artigo 78.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro permite a celebración de sesións extraordinarias que non cumpran coa periodicidade das sesións ordinarias fixadas.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e tendo en conta a necesidade de proceder a aprobar os citados asuntos no prazo mais breve posible non sendo posible a súa demora para o seguinte pleno ordinario. Considerando polo tanto non cabe a demora de tales asuntos para o seguinte pleno ordinario con esta data RESOLVO:

**PRIMEIRO.** CONVOCAR unha sesión EXTRAORDINARIA do Pleno do Concello para o

Día: 17/12/2024

Hora: 15:00 h. a 1.<sup>a</sup> convocatoria e ás 15:00 h. a 2.<sup>a</sup>, dous días despois

Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.

Orde do día:

#### I PARTE RESOLUTORIA

1.-Aprobar inicialmente se procede a modificación do saldo inicial de compromisos de ingreso procedentes de exercicios pechados 05/2024 (Exp 2024/X999/000690).

2.-Aprobar se procede o recoñecemento extraxudicial de créditos 06/2024.

3.-Aprobar se procede a modificación do saldo de dereitos pendentes de cobro procedentes da agrupación de exercicios pechados 3/2024.

4.-Aprobar se procede a modificación do saldo de dereitos pendentes de cobro procedentes da agrupación de exercicios pechados 04/2024.

**SEGUNDO.** NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, REMITÍNDOLLES unha copia das propostas de acordo dos asuntos incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

**TERCEIRO.** PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal.gov.es/portal/abrirCMS.do>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**CUARTO.** DARLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente pola secretaria en funcións.  
Ana María Liñares Castro